



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TORDOIA

*Bases reguladoras para a convocatoria de axudas ao transporte escolar durante o curso 2021-2022*

#### **Bases reguladoras para a convocatoria de axudas ao transporte escolar durante o curso 2021-2022**

Por Resolución de Alcaldía do Concello de Tordoia de data 15.11.2021, aprobáronse as seguintes: BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS AO TRANSPORTE ESCOLAR DURANTE O CURSO 2021-2022, co seguinte contido:

##### **1. Obxecto.**

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Tordoia para a concesión de axudas municipais para os gastos de transporte escolar do alumnado que curse bacharelato ou ciclos formativos homologados de grao medio ou superior, para o curso 2021/2022.

##### **2. Persoas Beneficiarias:**

Unidades familiares de convivencia con persoas matriculadas en centros de ensino, nos que se curse: Bacharelato, Formación Profesional de Grado Medio e Superior. E cuxa idade non supere os 21 anos.

##### **3. Requisitos**

Teranse en conta os requisitos establecidos na lei 9/2007 de subvencións de Galicia:

- Estar empadroadado/a no Concello de Tordoia con unha antigüidade de un ano.
- Que o alumnado non supere os 21 anos de idade no ano en que se fai a convocatoria.
- Que o alumnado para quen se solicita a axuda estea matriculado/a nalgún curso de bacharelato ou ciclo formación de grao medio ou superior.
- Que o alumnado para o que se solicita a axuda non repita curso.
- Para o alumnado que foi beneficiario desta mesma axuda na anualidade 2020-2021, ter xustificadas os gastos da axuda concedida.

##### **4. Solicitudes e documentación**

As persoas solicitantes da axuda terán que presentar xunto coa solicitude a documentación que se relaciona a continuación:

- a) ANEXO I completamente cuberto, no que se especificará o nome do/a alumno/a, o centro escolar e o nivel escolar que cursa no 2021-2022.
- b) ANEXO II debidamente cuberto.
- c) Fotocopia do DNI/NIE/pasaporte en vigor da persoa solicitante da axuda.
- d) Fotocopia da matrícula no centro de ensino.
- e) Certificado do IBAN bancario onde se vai a realizar o ingreso da axuda a nome da persoa solicitante.
- f) O empadramento e convivencia comprobarase de oficio dende as dependencias municipais.
- g) Xustificante de gastos de transporte na anualidade 2021.

##### **5. Prazo de solicitude**

As persoas solicitantes deberán presentar a súa instancia coa documentación requirida en cada caso, no Rexistro Xeral do Concello de Tordoia ou tramitala por calquera das formas previstas no Art. 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións no prazo de 10 días naturais a contar a partir do día seguinte á publicación da convocatoria.

## 6. Procedemento

O estudo e valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de valoración, integrada polos membros designados polo Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia. Asemade os membros farán a comprobación do cumprimento da finalidade para o cal se entrega a axuda.

O procedemento de estudo e valoración axustarase ás seguintes tarefas:

- Comprobacións previas tendentes a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixibles. No caso de que os defectos sexan subsanables, requiriráselles a súa subsanación no prazo improrrogable de 10 días. No suposto de requisitos insubsanables, procederase á súa inadmisión.

- Á vista das solicitudes presentadas e admitidas, procederase á determinación das persoas beneficiarias, así como as contías.

Determinase unha contía máxima de 500€ euros para axudas da mesma partida orzamentaria.

## 7. Resolución

As solicitudes serán avaliadas pola Comisión de Valoración que emitirá un informe de proposta coa resolución provisional que será resolta polo órgano correspondente.

A listaxe provisional será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Tordoia e na páxina web municipal, establecendo un prazo de 3 días hábiles para presentar as reclamacións oportunas e/ou emendar documentación.

Unha vez resoltas todas as reclamacións, a resolución definitiva coa listaxe das axudas concedidas será publicada da mesma maneira. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 40 e 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións públicas.

## 8. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das axudas terán como obrigas as seguintes:

- a) Realizar o gasto de acordo coa finalidade para a que se lle concedeu a axuda económica.
- b) Someterse as actuacións de comprobación por parte do Concello e as de control financeiro que lle corresponda á intervención municipal.
- c) Cumprir con todas as obrigas dispostas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións
- d) Asistir ás clases con regularidade dende o inicio do curso.
- e) Presentar o final do curso a documentación xustificativa dos gastos realizados.

O incumprimento dará lugar á revogación do outorgamento da subvención e a incoación, do procedemento de reintegro e sanción por incumprimento da finalidade. O Concello reservase o dereito de facer as comprobacións relativas a información aportada e ao uso que se fai da axuda.

## 9. Pagamento da subvención

O aboamento da axuda concedida realizarase mediante o ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a antes do fin do exercicio económico 2021.

## 10. Disponibilidade orzamentaria

Para as axudas incluídas na presente convocatoria, reservase crédito na partida 2311.48000 dos vixentes orzamentos do Concello de Tordoia por un importe total de 8.000€.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE AXUDA PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DURANTE O CURSO 2021/2022 DO CONCELLO DE TORDOIA****DATOS DO/A ALUMNO/A**

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
ENDEREZO ELECTRONICO	
TELEFONO	
CENTRO DE ESTUDOS	

**REPRESENTANTES LEGAIS**

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
ENDEREZO ELECTRONICO	
TELEFONO	

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Fotocopia do NIF do/a alumno/a
- Certificado expedido polo centro, acreditando que a persoa solicitante cursa alí estudos e cales son.
- Certificado de minusvalía dalgún membro da unidade familiar, expedido pola Xunta.
- Declaración xurada da distancia ao lugar de estudo ANEXO III
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ANEXO II.
- Certificado da conta bancaria, do beneficiario ou representante legal, para o ingreso da axuda

Tordoia, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo:

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE TORDOIA. EJERCICIO 2021**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con nif: \_\_\_\_\_, Como pai, nai ou titor legal do alumno/a \_\_\_\_\_, beneficiario da subvención

DECLARO, baixo a miña responsabilidade, estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Tordoia, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo:

**ANEXO III**

## DECLARACIÓN XUDADA DA DISTANCIA PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DO CONCELLO DE TORDOIA. EXERCICIO 2021

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con nif: \_\_\_\_\_, Como pai, nai ou titor legal do alumno/a \_\_\_\_\_,

DECLARO, baixo a miña responsabilidade,

1. Que o beneficiario/a da subvención desprazase diariamente a (centro de estudos) \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ dende o seu domicilio particular sito en \_\_\_\_\_ no seguinte  
medio de transporte \_\_\_\_\_

2. Que a distancia dende o domicilio do beneficiario ata o centro de estudos é de \_\_\_\_\_ quilómetros (só ida)

Tordoia, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo:

Tordoia, 16 de novembro de 2021

O Alcalde,

E. Antonio Pereiro Liñares

2021/8097